

## 2

# emprego



## 2.0

# demografía demografía

O presente capítulo ten como obxectivo a análise da demografía como aspecto introductorio do estudo do mercado de traballo. Na primeira parte analizarase a distribución territorial da poboación a partir dos datos facilitados polo IGE e o INE. O Padrón Municipal de Habitantes con referencia a 1 de xaneiro de 1998 reflicte que a poboación galega nesa data era de 2.724.544 persoas, das que un 51,9% eran mulleres.

Atendendo ós datos do Padrón revisado a 1 de xaneiro de 1998, Galicia perde peso no conxunto do estado, xa que a poboación galega representa o 6,83% da total existente en España, fronte ó 6,91% do Padrón de 1996 ou o 7,03% do Censo de 1991.

Entre as características máis importantes que se tiran da análise dos datos demográficos, salienta unha densidade de poboación superior á media española e maila dispersión ou espallamento xeográfico do seu hábitat, reflectido no

feito de que en Galicia hai un total de 29.947 entidades singulares de poboación, que supúñan o 48,93% do total de entidades de España.

Como se verá posteriormente, as provincias de A Coruña e Pontevedra concentran o 73,87% da poboación galega e o 82,1% dos concellos de máis de 10.000 habitantes, que é a delimitación para considerar un núcleo de localización como urbán ou non.

A segunda parte do capítulo céntrase no movemento natural da poboación e estudia indicadores como o número medio de fillos por muller, taxas de natalidade, mortalidade, crecemento vexetativo ou os títulos de familia numerosa. Para a realización do mesmo, utilízanse os datos da Encuesta de Fecundidad e os datos do movemento natural de la población publicados polo INE, e os datos da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Como nota característica, destaca o incre-

CADRO 2.0.1.

Poboación de dereito nas CC.AA. 1996-98

	Padróns municipais 1/5/96			Revisión padronal a 1/1/1998			Hab./Km.2 1998			98/96	
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres		%
		Hab./Km.2 1996	Hab./Km.2 1998		Hab./Km.2 total						
Andalucía	7.234.873	3.559.436	3.675.437	7.236.459	3.566.950	3.677.509	82,61	0,02	1.586		
Aragón	1.187.546	584.535	603.011	1.183.234	582.366	600.868	24,80	-0,36	-4.312		
Asturias	1.087.885	522.981	603.011	1.081.834	519.530	562.304	102,02	-0,56	-6.051		
Baleares	760.379	373.891	386.488	796.483	392.835	403.648	159,55	4,75	36.104		
Canarias	1.606.534	797.230	809.304	1.630.015	808.082	821.923	218,88	1,46	23.481		
Cantabria	527.437	256.946	270.491	527.137	256.766	270.371	99,07	-0,06	-300		
Castela e León	2.508.496	1.238.129	1.270.367	2.484.603	1.225.516	1.259.087	26,37	-0,95	-23.893		
Castela-A Mancha	1.712.529	849.076	863.453	1.716.152	851.354	864.798	21,60	0,21	3.623		
Cataluña	6.090.040	2.971.789	3.118.251	6.147.610	2.987.637	3.149.973	191,44	0,95	57.570		
C. Valenciana	4.009.329	1.962.181	2.047.148	4.023.441	1.970.767	2.052.674	173,01	0,35	14.112		
<b>Galicia</b>	<b>2.742.622</b>	<b>1.320.347</b>	<b>1.422.275</b>	<b>2.724.544</b>	<b>1.310.415</b>	<b>1.414.129</b>	<b>92,13</b>	<b>-0,66</b>	<b>-18.078</b>		
A Coruña	1.110.302	533.921	576.381	1.106.325	531.769	574.556	139,14	-0,36	-3.977		
Lugo	370.303	180.550	189.753	367.751	179.056	188.695	50,56	-0,69	-2.552		
Ourense	346.913	166.778	180.135	344.170	165.209	178.961	34,92	-0,79	-2.743		
Pontevedra	915.104	439.098	476.006	906.288	434.381	471.917	201,62	-0,96	-8.806		
Estremadura	1.070.244	530.500	539.744	1.069.419	530.994	538.425	25,69	-0,08	-825		
Madrid	5.022.289	2.411.548	2.610.741	5.091.336	2.444.919	2.646.417	628,72	1,37	69.047		
Murcia	1.097.249	541.069	556.180	1.115.068	551.343	563.725	98,56	1,62	17.819		
Navarra	520.574	257.718	262.856	530.819	262.687	268.132	51,08	1,97	10.245		
País Vasco	2.098.055	1.027.114	1.070.941	2.098.628	1.026.915	1.071.713	290,07	0,03	573		
A Ríoxa	264.941	131.183	133.758	263.644	130.708	132.936	52,26	-0,49	-1.297		
Ceuta	68.796	34.229	34.567	72.117	36.102	36.015	3.785,63	4,83	3.321		
Melilla	59.576	29.647	29.929	60.108	30.569	29.539	4.623,69	0,89	532		
<b>Total</b>	<b>39.669.394</b>	<b>19.399.549</b>	<b>20.269.845</b>	<b>39.852.651</b>	<b>19.488.465</b>	<b>20.364.186</b>	<b>74,40</b>	<b>0,46</b>	<b>183.257</b>		

Fonte: INE

mento do número medio de fillos por muller e a ruptura da tendencia decrecente da taxa de natalidade en 1999.

Finalmente, analízase o problema das migracións estudiando o saldo migratorio interior e o número de estranxeiros residentes, a partires dos datos do INE (*Estadística de variaciones residenciales*) e do Ministerio del Interior (*Anuario estadístico de extranjería*).

### Distribución territorial da poboación

Os datos revisados do Padrón Municipal a 1 de xaneiro de 1998 reflicten un descenso da poboación galega do 0,66% respecto ó Padrón Municipal a 1 de maio de 1996, situándose en 2.724.544 habitantes.

Comparado co resto das comunidades, o **cadro 2.0.1.** reflicte que son sete as comunidades que experimentan un descenso de poboación (Aragón, Asturias, Cantabria, Castela e León, Galicia, Extremadura e A Rioxa). A comunidade galega, coa dita caída do 0,66%, é a segunda autonomía co maior descenso, despois de Castela e León (0,95%).

En termos de **densidade de poboación**, Galicia, aínda que presenta unha densidade superior á media estatal, con 92,13 habitantes por quilómetro cadrado, **cadro 2.0.1.**, é a oitava comunidade española con menor densidade de poboación.

A Coruña e Pontevedra son as provincias galegas máis poboadas, con 1.106.325 e 906.298 habitantes, respectivamente. Xuntas concentran o 73,87% do total da poboación galega, fronte ó 73,85% de maio de 1996. Tal e como reflicte o **cadro 2.0.1.**, tódalas provincias galegas experimentan un descenso na súa poboación. A caída máis acusada corresponde á pro-

vincia de Pontevedra, cun 0,96% respecto ó padrón de maio de 1996.

Como se pode apreciar no devandito cadro, as provincias de Pontevedra e A Coruña teñen unha densidade poboacional moi superior á media de España (201,62 e 139,14 habitantes por quilómetro cadrado, respectivamente), en tanto que Ourense e Lugo presentan unha densidade moi inferior á media, con 34,92 e 50,56 habitantes por quilómetro cadrado, respectivamente.

Desagregando o estudio por **comarcas**, os **cadros 2.0.2., 2.0.3., 2.0.4. e 2.0.5.** amosan un descenso xeralizado da poboación na meirande parte das comarcas galegas. Tan só 7 comarcas experimentan un crecemento da súa poboación; Santiago e A Coruña, na provincia de A Coruña; Lugo, na provincia de Lugo; Ourense e Valdeorras, na provincia de Ourense; e O Morrazo e O Salnés, na provincia de Pontevedra.

Segundo reflicten os datos do padrón actualizado a 1 de xaneiro de 1998, recollidos nos devanditos cadros, prodúcese un aumento da concentración da poboación galega nas comarcas da Galicia occidental-costa. Así, estas 24 comarcas (Barbanza, A Barcala, Bergantiños, Betanzos, A Coruña, Eume, Ferrol, Fisterra, Muros, Noia, Ortegá, Santiago, O Sar, Terra de Soneira e Xallas, na provincia de A Coruña; A Mariña Central, A Mariña Occidental e A Mariña Oriental, na provincia de Lugo; e o Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo, na provincia de Pontevedra, concentran ó 69,1% da poboación galega, en tanto que as 29 comarcas restantes acollen ó 30,9%. Segundo os datos do padrón do ano 1996, esas porcentaxes eran do 68,9% e o 30,1%, repectivamente.

Atendendo á poboación galega residente

CADRO 2.0.2.

Poboacion de dereito das comarcas da provincia da Coruña 1996-98

Comarcas	Padrón	Revisión do Padrón a 1/1/98		98/96		
	municipal 1/5/96 total	total	homes	mulleres	% total	
Arzúa	19.918	19.719	9.752	9.967	-1,00	-199
Barbanza	66.862	66.487	32.459	34.028	-0,56	-375
A Barcala	12.543	12.173	5.834	6.339	-2,95	-370
Bergantiños	71.225	70.588	34.652	35.936	-0,89	-637
Betanzos	39.619	39.308	18.984	20.324	-0,78	-311
A Coruña	347.605	350.446	166.343	184.103	0,82	2.841
Eume	29.260	28.992	14.369	14.623	-0,92	-268
Ferrol	167.396	166.592	79.561	87.031	-0,48	-804
Fisterra	26.326	25.747	12.571	13.176	-2,20	-579
Muros	17.205	16.785	8.053	8.732	-2,44	-420
Noia	38.752	38.166	18.408	19.758	-1,51	-586
Ordes	38.074	38.007	18.628	19.379	-0,18	-67
Ortegal	18.049	17.688	8.559	9.129	-2,00	-361
Santiago	141.897	142.475	67.729	74.746	0,41	578
O Sar	18.826	18.156	8.739	9.417	-3,56	-670
Terra de Melide	15.390	15.035	7.569	7.466	-2,31	-355
Terra de Soneira	23.236	22.353	10.933	11.420	-3,80	-883
Xallas	18.119	17.608	8.626	8.982	-2,82	-511
<b>Total</b>	<b>1.110.302</b>	<b>1.106.325</b>	<b>531.769</b>	<b>574.556</b>	<b>-0,36</b>	<b>-3.977</b>

Fonte: IGE

CADRO 2.0.3.

Poboacion de dereito das comarcas da provincia de Lugo 1996-98

Comarcas	Padrón	Revisión do Padrón a 1/1/98		98/96		
	municipal 1/5/96 total	total	homes	mulleres	% total	
Os Ancares	15.369	14.979	7.827	7.152	-2,54	-390
Chantada	18.247	17.709	8.700	9.009	-2,95	-538
A Fonsagrada	8.313	7.981	4.167	3.814	-3,99	-332
Lugo	109.897	111.055	53.014	58.041	1,05	1158
A Mariña Central	30.975	30.638	14.756	15.882	-1,09	-337
A Mariña Occidental	28.192	28.081	13.731	14.350	-0,39	-111
A Mariña Oriental	17.732	17.662	8.411	9.251	-0,39	-70
Meira	7.181	7.043	3.458	3.585	-1,92	-138
Quiroga	7.994	7.656	3.750	3.906	-4,23	-338
Sarria	27.297	26.824	13.388	13.436	-1,73	-473
Terra Chá	50.425	49.636	24.437	25.199	-1,56	-789
Terra de Lemos	38.072	36.960	17.787	19.173	-2,92	-1112
A Ulloa	11.990	11.527	5.630	5.897	-3,86	-463
<b>Total</b>	<b>371.684</b>	<b>367.751</b>	<b>179.056</b>	<b>188.695</b>	<b>-1,06</b>	<b>-3933</b>

Fonte: IGE

CADRO 2.0.4.

Poboación de dereito das comarcas da provincia de Ourense 1996-98

Comarcas	Padrón municipal 1/5/96	Revisión do Padrón a 1/1/98		98/96		
		homes	mulleres	%	total	
Allariz-Maceda	16.000	15.696	7.571	8.125	-1,90	-304
Baixa Limia	10.623	10.275	5.462	4.813	-3,28	-348
O Carballiño	31.200	30.566	14.440	16.126	-2,03	-634
A Limia	26.055	25.365	12.474	12.891	-2,65	-690
Ourense	139.189	140.219	66.354	73.865	0,74	1030
O Ribeiro	21.489	21.002	9.864	11.138	-2,27	-487
Terra de Caldelas	5.019	4.887	2.429	2.458	-2,63	-132
Terra de Celanova	23.800	23.382	11.073	12.309	-1,76	-418
Terra de Trives	6.582	6.341	3.199	3.142	-3,66	-241
Valdeorras	28.728	28.736	14.208	14.528	0,03	8
Verín	29.496	29.161	14.429	14.732	-1,14	-335
Viana	8.728	8.540	4.308	4.232	-2,15	-188
<b>Total</b>	<b>346.909</b>	<b>344.170</b>	<b>165.811</b>	<b>178.359</b>	<b>-0,79</b>	<b>-2739</b>

Fonte: IGE

CADRO 2.0.5.

Poboación de dereito das comarcas da provincia de Pontevedra 1996-98

Comarcas	Padrón municipal 1/5/96	Revisión do Padrón a 1/1/98			98/96	
		total	homes	mulleres	%	total
O Baixo Miño	45.424	45.090	21.746	23.344	-0,74	-334
Caldas	35.831	35.514	17.000	18.514	-0,88	-317
O Condado	38.154	37.302	17.702	19.600	-2,23	-852
Deza	49.697	47.990	23.377	24.613	-3,43	-1.707
O Morrazo	78.248	78.736	38.661	40.075	0,62	488
A Paradanta	20.275	18.907	8.887	10.020	-6,75	-1.368
Pontevedra	114.714	113.944	54.017	59.927	-0,67	-770
O Salnés	103.178	103.456	50.245	53.211	0,27	278
Tabeirós-Terra de Montes	30.564	30.117	14.083	16.034	-1,46	-447
Vigo	399.019	395.242	188.663	206.579	-0,95	-3.777
<b>Total</b>	<b>915.104</b>	<b>906.298</b>	<b>434.381</b>	<b>471.917</b>	<b>-0,96</b>	<b>-8.806</b>

Fonte: IGE

CADRO 2.0.6.

Poboación residente en núcleos de máis de 10.000 habitantes 1996-98

	1996		1998		Concellos >10.000 habs.	
	número	% / Total provincial	número	% / Total provincial	1996	1998
A Coruña	770.409	69,4	722.440	65,3	25	25
Lugo	158.610	42,8	160.440	43,6	6	6
Ourense	143.305	41,0	144.733	42,0	4	4
Pontevedra	723.658	79,1	714.832	78,9	23	23
<b>Total</b>	<b>1.795.982</b>	<b>65,5</b>	<b>1.742.445</b>	<b>64,0</b>	<b>58</b>	<b>58</b>

Fonte: IGE

CADRO 2.0.7.

Poboación das sete grandes cidades 1996-98

	Padrón municipal 1/5/96	Revisión do Padrón a 1/1/98	98/96	
			%	total
A Coruña	243.785	243.134	-0,27	-651
Santiago	93.672	93.584	-0,09	-88
Ferrol	83.048	82.548	-0,60	-500
Lugo	85.174	86.620	1,70	1.446
Ourense	107.060	107.965	0,85	905
Vigo	286.774	283.110	-1,28	-3.664
Pontevedra	74.287	73.871	-0,56	-416
<b>Total 7 cidades</b>	<b>973.800</b>	<b>970.832</b>	<b>-0,30</b>	<b>-2.968</b>
<b>7 cidades/Total (%)</b>	<b>35,50</b>	<b>35,63</b>	<b>0,37</b>	<b>--</b>

Fonte: INE

en núcleos de máis de 10.000 habitantes, o **cadro 2.0.6.** amosa que a poboación galega residente nestos núcleos ascende a 1.742.445 habitantes, 53.537 habitantes menos que os que indica o padrón anterior, o que significa que estes núcleos de máis de 10.000 habitantes acollen ó 64,0% da poboación galega, fronte ó 65,5% de 1996.

Malia o descenso da poboación residente nos núcleos de poboación de máis de 10.000 habitantes nas provincias de A Coruña e Pontevedra, o 65,3% e o 78,9%, respectivamente, da poboación de cada unha desas provincias está concentrado en núcleos deste tipo. Pola contra, nas provincias de Ourense e Lugo si que aumenta a poboación destas cidades, aumentando, por conseguinte, a súa importancia relativa no total da poboación das súas provincias.

Os **sete grandes núcleos urbanos** de Galicia acollen a 970.832 persoas, o que signi-

fica un descenso de 2.968 persoas (o 0,30%). Como recolle o **cadro 2.0.7.**, Lugo e Ourense presentan un crecemento da súa poboación, en tanto que nas outras cinco cidades, a poboación descende. Comparado o peso relativo da poboación destas sete cidades no total galego, este aumenta respecto ós datos do padrón de 1996, pasando a ser do 35,63%, fronte ó 35,5% do padrón anterior.

### Movemento natural da poboación

Os datos da *Encuesta de fecundidad* do INE sinalan que en Galicia, ó contrario do acontecido en España, prodúcese un aumento do número medio de fillos por muller en 1999, situándose éste no 1,05. En España o número medio de fillos por muller descende desde o 1,18 de 1998 ata os 1,07 de 1999 (**cadro 2.0.8.**).

Os datos do **cadro 2.0.9.** amosan que a **taxa da natalidade** en Galicia rompeu a ten-

CADRO 2.0.8.

Número medio de fillos por muller 1995-99

	1995	1996	1997	1999
Galicia	0,94	0,92	0,92	1,05
España	1,18	1,17	1,18	1,07

Fonte: INE, Encuesta de Fecundidad

CADRO 2.0.9.

Taxas de nupcialidade, natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo en Galicia e España 1998-99

	Nupcialidade		Natalidade		Mortalidade		Crecemento vexetativo (1)	
	1998	1999	1998	1999	1998	1999	1998	1999
A Coruña	4,54	4,62	6,89	6,92	10,20	10,84	-3,31	3,92
Lugo	3,80	3,71	5,55	5,35	12,70	13,35	-7,15	-8,00
Ourense	4,24	4,26	5,34	5,40	13,11	13,35	-7,78	-7,95
Pontevedra	4,97	5,10	7,57	8,16	8,36	8,76	-0,78	-0,60
Total	4,54	4,61	6,74	6,93	10,29	10,80	-3,55	-3,86
España	5,14	5,23	9,19	9,58	9,09	9,40	0,10	0,19

(1) taxa por 1.000 habitantes

Fonte: INE, Movimiento natural de la población

CADRO 2.0.10.

Matrimonios, nacementos, defuncións e crecemento vexetativo en Galicia e España 1998-99

	Matrimonios		Nacementos		Defuncións		Crecemento vexetativo	
	1998	1999	1998	1999	1998	1999	1998	1999
A Coruña	5.008	5.096	7.596	7.631	11.250	11.948	-3.654	-4.317
Lugo	1.395	1.356	2.041	1.954	4.669	4.875	-2.628	-2.921
Ourense	1.449	1.449	1.825	1.838	4.484	4.543	-2.659	-2.705
Pontevedra	4.492	4.612	6.848	7.384	7.558	7.923	-710	-539
Total	12.344	12.513	18.310	18.807	27.961	29.289	-9.651	-10.482
España	202.494	206.048	361.930	377.809	357.925	370.423	4.005	7.386

Fonte: INE, Movimiento natural de la población

dencia decrecente: no ano 1999 situouse en 6,93 nacementos por cada 1.000 habitantes, fronte ós 6,74 nacementos do ano anterior. En España, o aumento da taxa de natalidade foi superior, situándose a mesma nos 9,58 nacementos por cada mil habitantes fronte ós 9,19 nacementos por cada 1.000 habitantes de 1998.

Desagregando o estudo por provincias, Pontevedra é a que rexistra a maior taxa nos anos considerados (8,16 nacementos por cada mil habitantes no ano 1999), situándose ó longo dos mesmos por riba da media galega. Séguenlle A Coruña, con 6,92 nacementos por cada mil habitantes en 1999, e as provincias de Lugo e

Ourense, cunha taxa de natalidade en torno a 5,4 nacementos por cada mil habitantes.

En termos absolutos, **cadro 2.0.10.**, en 1999 naceron en Galicia un total de 18.807 nenos (497 nacementos máis que no ano anterior), o que representa o 5% do total de nacementos en España. As provincias de A Coruña e Pontevedra son as que presentan o maior número de nacementos en 1999, con 7.631 e 7.384 nenos, respectivamente.

A **taxa de mortalidade** en Galicia no ano 1999 aumentou ata as 10,80 defuncións por cada mil habitantes, fronte ós 9,40 no conxunto

CADRO 2.0.11.

Títulos de familias numerosas segundo categorías 1-7-1999 a 31-12-1999

	1ª categoría (1)	2ª categoría (2)	Categoría de honra (3)	Total	Títulos novos expedidos entre o 1-7 e o 31-12-1999
A Coruña	4.107	11	13	4.131	425
Lugo	1.178	2	1	1.181	151
Ourense	426	1	—	427	68
Pontevedra	4.064	13	10	4.087	413
<b>Total</b>	<b>9.775</b>	<b>27</b>	<b>24</b>	<b>9.826</b>	<b>1.057</b>

(1) 1ª categoría: familias de entre tres e seis fillos ou familias con dous fillos nas que os pais ou os fillos sexan minusválidos ou teñan incapacidade permanente e absoluta para todo traballo

(2) 2ª categoría: familias de entre sete e nove fillos ou familias de primeira categoría con un ou máis fillos minusválidos ou incapacitados de xeito permanente e absoluto para todo traballo

(3) 3ª categoría: familias de dez ou máis fillos ou familias de segunda categoría con un ou máis fillos minusválidos ou incapacitados de xeito permanente e absoluto para todo traballo

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

do estado. Esta medra aconteceu nas catro provincias galegas, sendo Pontevedra a que presenta a menor taxa de mortalidade, 8,76 falecementos por cada mil habitantes. No lado oposto, Lugo e Ourense presentan unas taxas de 13,35 mortes por cada mil habitantes, en tanto que en A Coruña esta taxa é de 10,84.

En termos absolutos, en 1999 producíronse en Galicia un total de 29.289 defuncións, 1.328 máis que no ano anterior, o que representa o 7,9% do total de defuncións rexistradas en España no último ano. Por provincias, A Coruña contabilizou 11.948 dos falecementos en Galicia, seguida de Pontevedra, con 7.923.

A evolución das taxas de natalidade e mortalidade explica a evolución do **crecemento vexetativo**, que ven recollido nos **cadros 2.0.9. e 2.0.10.** Obsérvase que éste é negativo en Galicia (-10.482), a diferenza do que acontece en España (7.386). As catro provincias galegas presentan un crecemento vexetativo negativo. O menor valor corresponde á provincia de Pontevedra, que é tamén a única onde descende en relación ó ano anterior.

O **cadro 2.0.11.** recolle o número de títulos de familia numerosa expedidos, que ascen-

deu a 9.826 títulos, dos que 1.057 foron títulos novos. Atendendo a súa distribución provincial, as provincias de Pontevedra e A Coruña son as que teñen un maior número de títulos expedidos, con 4.087 e 4.131 respectivamente, o que supón que ámbalas dúas provincias concentran o 83,6% do total de títulos de familia numerosa expedidos.

Atendendo á desagregación segundo categorías, 9.775 títulos son de primeira categoría (o 99,5% do total), en tanto que os de segunda (27) e terceira categoría (24) supoñen o 0,3% e o 0,2%, respectivamente.

## Migracións

O **cadro 2.0.12.**, que reflicte o saldo migratorio interior das distintas comunidades autónomas, amosa que 9 delas (Andalucía, Aragón, Asturias, Castela e León, Cataluña, Extremadura, Galicia, Madrid e País Vasco) presentan un saldo migratorio negativo. Galicia, que en 1994 era un receptor neto, en 1998 é a quinta comunidade con maior saldo migratorio interior negativo (-3.574).

No concernente ó número de residentes procedentes doutros países, en 1999 había en

CADRO 2.0.12.

Saldo migratorio interior nas CC.AA. 1996-98

	1996	1997	1998
Andalucía	-3.317	-4.317	-7.506
Aragón	-347	-280	-486
Asturias	-430	-923	-2.305
Baleares	3.953	5.845	9.979
Canarias	7.676	10.351	8.945
Cantabria	325	735	1.275
Castela e León	-2.786	-4.172	-4.608
Castela-A Mancha	1.828	2.729	2.210
Cataluña	-1.136	-3.286	-2.896
C. Valenciana	5.634	7.389	8.364
Estremadura	4	-550	-2.028
Galicia	-1.676	-2.138	-3.574
Madrid	-8.084	-9.183	-7.424
Murcia	1.232	1.390	1.933
Navarra	651	741	1.259
País Vasco	-4.310	-4.290	-4.591
A Ríoxa	304	377	573
Ceuta e Melilla	479	-418	880

Fonte: INE, Estadística de variaciones residenciales

CADRO 2.0.13.

Estranxeiros residentes nas CC.AA 1998-99

	1998		1999	
	(CA / total) (%)		(CA / total) (%)	
Andalucía	95.970	13,3	101.330	13,7
Aragón	11.877	1,7	14.286	1,9
Asturias	8.682	1,2	8.519	1,2
Baleares	40.399	5,6	37.180	5,0
Canarias	68.848	9,6	62.990	8,5
Cantabria	3.910	0,5	4.249	0,6
Castela-A Mancha	11.374	1,6	11.872	1,6
Castela e León	20.113	2,8	21.414	2,9
Cataluña	148.803	20,7	165.006	22,3
C. Valenciana	69.972	9,7	74.214	10,0
Estremadura	9.063	1,3	9.420	1,3
Galicia	21.140	2,9	18.313	2,5
Madrid	148.070	20,6	148.567	20,1
Murcia	15.731	2,2	15.897	2,1
Navarra	6.385	0,9	7.601	1,0
País Vasco	16.995	2,4	17.411	2,4
A Ríoxa	3.253	0,5	8.160	1,1
Ceuta e Melilla	2.250	0,3	6.346	0,9
erros en CC.AA.	16.812	2,3	7.928	1,1
Total	719.647	100,0	740.703	100

Fonte: INE, Estadística de variaciones residenciales

Galicia un total de 18.313 estranxeiros, 2.827 residentes menos que no ano anterior. Comparada co total estatal, Galicia acolle ó 2,5% dos residentes estranxeiros en España en 1999, fronte ó 2,9% do ano anterior. ■